

NOTA DE PRENSA

A identidade e o xénero protagonizan as XIX Xornadas da Sección Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2014.- Máis de 120 persoas, procedentes de diferentes puntos do Estado, acudirán a Pontevedra ás Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG que se celebrarán o 14 e 15 de novembro baixo o título “Xénero e Identidade: Olladas desde a Clínica”, que chegan á súa décimo novena edición.

Neste fin de semana, no Pazo da Cultura de Pontevedra, fomentárase o intercambio de coñecementos e experiencia clínica respecto ao impacto que o xénero ten na Psicoloxía Sanitaria e Clínica. Para iso, diferentes relatores de recoñecido prestixio analizarán se existen diferenzas nas manifestacións psicopatolóxicas en función do xénero, o modo en que o xénero afecta ao proceso de enfermarse e sanar, a relación entre o xénero e os roles de enfermo/a-coidador/ora e as transformacións na relación entre xénero e sexualidade en función dos cambios socioculturais e a súa repercusión na práctica clínica.

Tamén afondarán na influencia do xénero sobre a formación e o desenvolvemento da identidade, as dificultades relacionadas co cumprimento das expectativas asociadas ao xénero e o impacto da igualdade-desigualdade entre xéneros na práctica clínica e sanitaria da Psicoloxía.

As Xornadas serán inauguradas o venres pola mañá por Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde do Concello de Pontevedra, Agustín Fernández González, Concelleiro de Deportes e Educación do Concello de Pontevedra, M^a Rosa Álvarez Prada, decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e M^a Estrella González Gómez, presidenta do Comité Científico das Xornadas. A clausura correrá a cargo de Francisco Javier Sardiña Agra, presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Saúdos,

Se desexan **ampliar a información ou concertar entrevistas**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns
686 994 089
Raquel Miranda
634 599 932
comunicacion@copgalicia.org

Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983
www.copgalicia.es
copgalicia@cop.es